

PIROLOXÍA REFLEXIVA DE URXENCIA

Manuel Cabada Castro

O texto deste artigo foi publicado por primeira vez hai agora case vinte anos (máis exactamente dezaoto) nas páxinas 221-227 do volume “A procura da nosa identidade. Terra de Montes”, coordinado por J. Raposeiras Correa, Deputación de Pontevedra, 2007, mais a recente traxedia dos incendios na Galiza motivaron que o que xa daquela comentaba continúe a estar, para min alomenos, de sorprendente e candente (en calquera sentido da palabra) actualidade. Se non, que o lector xulgue por si mesmo.

No que segue só introduzo algúns cambios, colocando por exemplo no corpo do texto as notas que antes estaban a pé de páxina e algunha outra pequena corrección léxica. Dito isto, velaquí vai xa directamente o texto enteiro dende o comezo ata o final.

Non. Non quero escribir un tratado sobre os piro das galiñas, aínda que teño que recoñecer que os piriños, polo que parece, foron unha das cousas que máis me chamaron a atención sendo aínda moi cativo. Meus pais lembrábanme non poucas veces a risa que lles deu cando, oíndo chorar o meu irmán Adolfo, máis pequecho aínda ca min, eu me erguín sorprendido no berce dicindo as seguintes inquisitivas palabras: “E é un piriño?”... (Indico aquí que na miña parroquia natal de Sabucedo, no concello pontevedrés da Estrada, chamamos ou chamabamos piro ou piriño os polos ou pitos da galiña).

A “piroloxía” sobre a que quero escribir agora (moitos anos despois da miña nenez) estas apresuradas liñas, debido á insistente e amiga petición de Xosé Raposeiras de que lle escriba algo para este volume, ten que ver coa ingrata vivencia do lume queimando e asoballando os nosos montes no recente pasado mes de agosto deste ano 2006.

Na Terra de Montes empezaron, en efecto, lumes que baixaron na súa tola carreira ata case a porta da vila de Pontevedra. Dúas inocentes mulleres, nai e filla, tiveron que pagar o seu tributo mortal á orxía incendiaria na bisbarra desta nosa Terra de Montes.

O pai sol, que dá calor e vida, estaba neses días rubio de vergonza, envolto tamén el polo fume dos desvaríos humanos.

Por certo, propóñolles aos representantes do concello de Cerdedo erguer preto do lugar de Pedre, onde ocorreu esa dobre trágica morte, unha sinxela lembranza para vivos e mortos no que se diga algo así como: "A NN. e NN., vítimas inocentes dos incendios forestais de agosto 2006. ¡Respectemos a natureza e a vida!".

Pois ben, a palabra "piroloxía" ten que ver co "lume". Da mesma maneira que teñen que ver tamén co el, aínda que de maneira distinta, a pirotecnia ou os pirómanos. Mais a "piroloxía", tal como eu a entendo aquí, quere facer referencia a un discorrer, a un pensar, a un dicir algunha "palabra" ou "razón" (isto é o que significa o parte final (loxía) da palabra "piroloxía") sobre o "lume", sobre o fenómeno do lume en canto realidade da natureza e experiencia humana.

Porque o lume, por extraordinario que en si sexa, é un fenómeno máis da natureza na que estamos e que nos acolle, formando parte dela. Para aprendermos, pois, a lle ter respecto ó lume hai que empezar por lle ter respecto á natureza toda, hai que aprender a tomar conciencia de que é a natureza toda a que nos dá a existencia e que o lume (o mesmo có sol, que non é máis ca lume á enésima potencia) forma parte desta natureza que dá vida, calor e luminosidade.

Os humanos co andar do tempo e coa aparición da técnica e do chamado progreso, chegamos a esquecer fatua e fachendosamente as nosas raiceiras, a nosa verdadeira orixe. Nós non somos os donos da natureza. Moito antes de que aparecese o primeiro ser humano había xa ceo, terra, árbores, animais, bestas, troitas e demais, toda a infinidade de seres que poboaban ou poboan aínda o noso mundo. No misterioso proceso evolutivo dunha materia preñada de porvir aparecemos nós nun intre concreto e aínda recente como fillos da nosa común nai, a natureza. A natureza segue a ser por iso, e serao sempre se nós non a destruímos e con ela a nós mesmos, o colo que nos dá acougo, agarimo, alimento e vida.

A revolución industrial, un fenómeno polo demais moi recente desde os parámetros da evolución xeral humana, e a

consecuente tendencia á tecnificación total da vida está a crear un tipo de persoa que tende tamén a considerarse absolutamente autónomo fronte ás realidades meramente naturais. Os antropólogos e psicólogos non deixaron de se decataren disto. Así nolo recordaba Xoán Rof Carballo hai xa algunhas décadas:

"A psicoloxía moderna —dinos o psicólogo e fino pensador lucense— demostrounos que o home precisa desde a súa infancia, inexorablemente, a relación co próximo. Mais tanto coma a relación interhumana precisa a relación coas cousas inertes e cos seres vivos, co mundo animal e vexetal. Tanto como o agarimo tutelar precisa paisaxes. Esa paisaxe que formou co home unha unidade na súa infancia, esa outra parte de nós mesmos, da que, para ter que vivir, nos vimos precisados a desprendernos como dunha libranza nutriz [...] Un home que medra sen o [...] 'ambiente non humano', sen contacto coas cousas, sen relación co mundo vexetal e animal, queda sempre con algo inhumano dentro del. Por iso no home contemporáneo, nado na cidade, moitas veces con pouca intimidade cos obxectos, case sen contacto coa paisaxe, cos seres vivos que a poboan, hai sempre *un perigo de deshumanización*, de perda do máis entrañable miolo do humano" (J. ROF CARBALLO, *El hombre como encuentro*, Madrid, 1973, p. 193s).

Por iso as institucións docentes de vilas e cidades que intentan educar nenos e rapaces que non teñen xa unha relación corrente e habitual coa natureza o coa vida mesmas decatáronse da urxente necesidade de achegalos ás experiencias inmediatas e directas da realidade natural. Para que non quede malparado o seu desenvolvemento humano e persoal.

Non é, xa que logo, mero arrebatado literario ou retórico o dicir que destruír ou queimar os montes, a paisaxe, ou sexa a natureza en xeral, veña sendo algo así como queimarse a si mesmos, porque é destruír aquilo que nos constitúe como seres humanos, aquilo que precisamente nos fai chegar ao que nós mesmos somos ou debemos ser. Así o sostiven eu mesmo hai agora xa quince anos na xuntanza da Asociación de "Amigos da Terra de Montes" en Cerdedo en

agosto de 1992: "O tema dos incendios —dicía eu alí— é algo que ten non soamente unha importancia meramente económica ou ecolóxica, senón tamén unha relevancia antropolóxica fundamental. Queimar os montes é, en certo modo, queimarnos a nós mesmos" (M. CABADA CASTRO, *"Terra de Montes" e o simbolismo dos montes: "Cotaredo"*, Revista cultural e turística do Concello de Forcarei, nº 1, 1998, p. 70).

Neste senso, aínda que entendido de maneira meramente ilustrativa, coido que é pertinente lembrar a expeditiva "postura" LIV do por outra parte suave e fino autor das medievais "Cantigas" galegas, Alfonso X o Sabio. O rei ditou, en efecto, nesa "postura" do seu Código, dado á Terra de Santiago no ano 1252, a seguinte orde: "LIV. *Que non pongan fogo a los montes*. Otrossi mando que nengun non ponga fuego para quemar los montes, et a los que gelo fallaren faciendo, quel echen dentro" (Cf. A. LÓPEZ FERREIRO, *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*, tomo I, Santiago, Seminario C. Central, 1895, p. 365). Desde un punto de vista simbólico botar no lume a quen o está a plantar, é dicir o incendiario, non sería en realidade —a teor do que estou a comentar— senón axudalo eficazmente a levar a cabo o que, sen sabelo, está el mesmo a facer: queimarse a si mesmo sen el ter plena conciencia do contido da súa acción.

Nos tempos antigos e medievais, a diferenza dos actuais (occidentais polo menos), había unha conciencia máis nidia da grandiosidade da creación, das marabillas do ceo e mais da terra. Mais tamén os fundadores da ciencia moderna non eran nisto unha excepción. Existía unha especie de visión xeral sagrada das augas, dos montes, dos astros do ceo etc. Con non pouca frecuencia dáse hoxe entre nós, polo contrario, unha especie de sacralización da "ciencia" ou da "técnica", unha crenza xeral de que podemos explotar como nos pete os recursos que a terra nos ofrece ou facer con eles o que nos veña en gana. En consecuencia, se quero queimar o monte ou porque me convén ou porque lle quero facer mal a alguén ou por simple divertimento ¿que mal ten iso?

Moito antes de que o "sabio" rei Alfonso dese a mediados do século XIII a devandita drástica orde respecto dos incendiarios dos montes da súa terra compostelá, hai constancia polo testemuño dun

historiador do século I antes de Cristo, Trogo Pompeio, da "sacralidade" coa que os galegos daquel tempo ollaban os montes. Os montes eran para eles algo "sacer", "sagrado". Aínda quedan neles restos das mámoas sepulcrais dos nosos devanceiros, que veñen sendo como un calado testemuño da sacralidade que lles concedían aos mesmos. Hai algo máis próximo ao ceo -ao máis alá- ca os montes? Non hai, polo tanto, mellor lugar para finar e así pasar con celeridade ao alén.

E se a natureza toda era sagrada, non podía ser o lume niso unha excepción. O lume sempre foi considerado coma un don divino que había que coidar con agarimo e agradecemento. Esta procedencia divina está presente incluso cando se consideraba o lume como unha especie de conquista realizada polos humanos na súa relación cos deuses. Pois isto é o que nos vén dicir a mítica lenda grega do heroe titánico Prometeo, aquel que lles trae aos humanos o lume divino do Olimpo. Os nosos devanceiros galegos non eran alleos a esta tradicional consideración divina do lume. Por iso, cando no século VI desde terras húngaras chega a Galiza San Martiño Dumicense, intenta el na súa predicación afastar os "rústicos" galegos do seu "diabólico" costume de adorar o lume (ver "S. Martini Dumensis et Bracarensis, *De Correctione rusticorum*". En: E. FLÓREZ, *España Sagrada*, tomo XV, 426). Máis que adorar o lume coma un deus ou coma un demo —como semella crer o húngaro descoñecedor dunha cultura que lle era allea— os galegos si que vían porén no lume algo divino e sagrado. E nesta concepción relixiosa do lume non deixou de influír, por certo, a romanización da Galiza. É ben sabido que a "lareira" galega ten que ver cos "Lares", os deuses romanos do fogar. A lareira participa, xa que logo, da aludida sacralidade do lume. No lume da mesma concéntrase, pois, en certo sentido a crenza tradicional na orixe divina do lume, tal como indica o propio Murguía ao el falar do "culto" galego ao lume, como se amosa por exemplo na reprobación de cuspir nel, dado que o lume é considerado como "deidade protectora" á que se lle fan ofrendas, libacións etc (ver M. MURGUÍA, *Galicia*, Barcelona, Daniel Cortezo, 1888, 175ss).

Tal veneración relixiosa do lume non ha ser porén considerada como algo puramente mental ou cultural, senón que ten que ver directamente co proceso mesmo evolutivo da

hominización, da que se ocupan os antropólogos.

Dende que, hai arredor dun millón de anos, o “homo erectus” empezou a utilizar o lume, converteuse este nun importante factor hominizador: o lume daba calor, ofrecía seguridade, facía os alimentos máis dixeribles, facilitaba un sono menos sobresaltado e máis profundo etc. En definitiva, o lume, o "fogo" creaba "fogar" e convertíase así nun benfeitor imprescindible do ser humano, nun verdadeiro ser "divino" para el.

É comprensible que, en continuidade con estas e outras propiedades benéficas do lume, as diversas culturas sostivesen, de moi diversas formas, o poder "rexuvenecedor", "inmortalizador" e "purificador" do lume. Sería sobre todo C.-M. Edsman quen se referiu amplamente a este poder benéfico do por el chamado "lume divino" (ver C.-M. EDSMAN, *Ignis divinus. Le feu comme moyen de rajeunissement et d'immortalité: contes, légendes, mythes et rites*, Lund, C. W. K. Gleerup, 1949, p. 28ss). E non se esqueza tampouco, respecto deste poder "purificador" do lume, que "puro" está xa relacionado etimoloxicamente co grego "pyr" ("lume") da "piroloxía" da que estou a falar. En realidade tanto o latino "purus" coma o grego "pyr" proveñen dunha raíz indoeuropea relacionada co lume.

N. B. Se os devastadores incendios que sobre todo os galegos temos padecido nestes días pasados nos convidasen e obrigasen a modificar e repensar os nosos modos de ver a natureza e o mundo enteiro, algo teríamos aprendido deles. Amén!